

I CROS CONCELLO DE AMES

DATA: 12 de outubro de 2024.

LUGAR: Aldea Nova (a carón das Pistas Municipais de Tenis).

1. O Concello de Ames organiza, co control técnico da Federación Galega de Atletismo o **I Cros Concello de Ames** o sábado 12 de outubro de 2024, que será a súa vez **Campionato Xunta de Galicia de Campo a Través por Remudas Mixto**.

2. As probas realizaranse o sábado 12 de outubro, na localidade de Aldea Nova (Ames), a carón das pistas municipais de tenis de dita localidade:

- Ubicación -> <https://maps.app.goo.gl/VZcqwKaxNiZvWUDW8>

A saída e chegada de cada proba farase preto dese punto, o cal estará debidamente sinalizado.

3. Nas probas (agás no Campionato Xunta de Galicia) poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

4. As inscricións das probas populares (de sub 10 a sub 16), abertas a todos/as os/as que desexen participar, realizaranse a través da web www.carreirasgalegas.com, enchendo o formulario de inscrición.

Para o Campionato Xunta de Galicia de Campo a través por Remudas Mixto deberán realizarse a través do ligazón <https://sdp.rfea.es> (exclusivo para clubs federados).

*O prazo de inscrición para as probas populares rematará o **mércores 9 de outubro ás 23:59 horas**.*

*O prazo de inscrición para o Campionato Xunta de Galicia de Remudas Mixtas rematará o **luns 7 de outubro ás 20:00 horas**.*

PREZOS DA INSCRICIÓN

- Categorias escolares (de sub 10 a sub 16): **GRATUÍTA**
- Campionato (só para clubs federados en atletismo): **GRATUÍTA**

* Non se admitirán inscricións fora do prazo establecido, nin o día da proba.

5. Os dorsais retiraranse ata media hora antes do inicio de cada proba na secretaría da organización situada a carón do circuíto de cros de Aldea Nova.

Os/as atletas participantes no Campionato Xunta de Galicia de Remudas Mixtos deberán ter en conta os horarios de cámara de chamadas publicados na web atletismo.gal e incluídos na propia circular do Campionato (<https://atletismo.gal/wp-content/uploads/2024/08/Circular-Cross-por-Remudas.pdf>).

6. As probas estarán controladas por un chip – dorsal que deberá levarse colocado na parte anterior do corpo, en toda a súa extensión. Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal – chip, será automaticamente descalificado/a.

7. TROFEOS

- Recibirán un trofeo os/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento.
- En cada proba popular (de sub 10 a sub 16), darase a maiores un trofeo ao primeiro/a amiense (deberá estar empadroadado no Concello de Ames no momento de celebración da proba). Este premio / trofeo será acumulativo cos da clasificación xeral de cada proba.
- Para o Campionato Xunta de Galicia de Remudas mixtos, outorgaranse os premios publicados na web atletismo.gal e incluídos na circular do Campionato (<https://atletismo.gal/wp-content/uploads/2024/08/Circular-Cross-por-Remudas.pdf>).

8. Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os e as participantes. As reclamacións dos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición sen sobrepasar os 30 minutos despois da publicación dos resultados.

9. Os horarios das saídas poderán ser modificados, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función do número de participantes de cada categoría.

10. Haberá servizo de duchas a disposición dos atletas no Pavillón Polideportivo Municipal de Bertamiráns. Tamén haberá baños a carón do percorrido.

11. Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da **FGA**, **RFEA** e **WA**, por esta orde, en vigor para probas de campo a través.

12. Establécense as seguintes categorías e horarios, segundo o ano de nacemento:

HORARIOS			
PROBA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORARIO
RELEVO MIXTO	<i>Segundo circular Campionato</i>	6000 m aprox. (4x1500 m)	11:00 horas
SUB 16 FEMININO	<i>nadas no 2009 e 2010</i>	3000 m aprox. (2 Voltas Grandes)	11:40 horas
SUB 16 MASCULINO	<i>nados no 2009 e 2010</i>	3000 m aprox. (2 Voltas Grandes)	12:00 horas
SUB 14 FEMININO	<i>nadas no 2011 e 2012</i>	1500 m aprox. (1 Voltas Grande)	12:20 horas
SUB 14 MASCULINO	<i>nados no 2011 e 2012</i>	1500 m aprox. (1 Voltas Grande)	12:35 horas
SUB 12 FEMININO	<i>nadas no 2013 e 2014</i>	1000 m aprox. (1 Volta Pequena)	12:50 horas
SUB 12 MASCULINO	<i>nados no 2013 e 2014</i>	1000 m aprox. (1 Volta Pequena)	13:05 horas
SUB 10 FEMININO	<i>nadas no 2015 e 2016</i>	1000 m aprox. (1 Volta Pequena)	13:20 horas
SUB 10 MASCULINO	<i>nados no 2015 e 2016</i>	1000 m aprox. (1 Volta Pequena)	13:35 horas
ENTREGA DE PREMIOS			13:50 horas

NOTA: Coa inscrición na proba enténdense aceptadas todas as normas e demais consideracións reflectidas no presente regulamento.

LOPD: Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.

Máis información na web atletismo.gal.